

| 1ª AVALIACIÓN O inicio da Idade Media. A caída do Imperio romano. Os reinos xermánicos. | |
|---|--|
| 2ª AVALIACIÓN O feudalism. O Islam e Al-Ándalus. A Románico, o Gótico e a arte islámica. A Baixa Idade Media. | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3ª avaliación | |
| Competencias imprescindibles | Estándar de aprendizaxe |
| B3.5. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico imprescindible para cada época. |
| B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na P. Ibérica a as súas relacións con Ál-Ándalus. | XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica. |

| Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | Procedementos de avaliación: - Recollida e rexistro das actividades propostas durante o período lectivo non presencial. - Avance nos contidos por considerar que son imprescindibles para conectar cos contidos do curso seguinte. |
| | Instrumentos de avaliación: - Actividades propostas pola profesora, tanto as obrigatorias como voluntarias ao longo da 3ª avaliación que consistirán na realización dun boletín de exercicios e o traballo sobre un libro de lectura recomendado. |
| Cualificación final | A cualificación final será a media da 1ª e a 2ª avaliación. Aquel alumnado que teña a 1ª e 2ª avaliación aprobadas, ten o curso aprobado . Poderán subir esta nota e ata un máximo dun punto aqueles alumnos e alumnas que entreguen feitas as actividades voluntarias propostas dende o 13 de marzo de 2020. Para aquelas alumnas e alumnos con algunha avaliación pendente ou as dúas , remitiráselle un boletín de actividades de recuperación para cada unha delas. A entrega destas actividades suporá a posibilidade de aprobar a materia, sempre que se entregue no prazo acordado e ben elaborado e a súa nota final será a media de ambas. Se ademais entrega de maneira voluntaria as tarefas propostas para o resto do alumnado dende o 13 de marzo, poderá acadar ata un punto máis na nota final. . |
| Proba extraordinaria de setembro | Na proba extraordinaria de setembro, os contidos reduciranse a aqueles impartidos na aula con anterioridade ao 13 de marzo de 2020 e cuxos criterios se recollen nesta programación. |

| Metodoloxía e actividades (recuperación, reforzo e ampliación) | |
|--|--|
| Actividades | <u>Actividades de recuperación</u> : boletín de exercicios relacionados cos contidos impartidos na 1ª ou 2ª avaliación. <u>Actividades de reforzo</u> : exercicios sobre contidos xa vistos durante o curso e son de entrega voluntaria. <u>Actividades de ampliación</u> : exercicios sobre os contidos que quedaron sen ver na clase desde o 13 de marzo de 2020 (Evolución dos reinos cristiáns na Península) e que terán un carácter voluntario. |
| Metodoloxía | Haberá un seguemento do alumnado cun rexistro de envío e entrega das actividades así como un contacto permanente vía correo e cos titores para que a realización das mesmas sexa efectiva e para a consulta de dúbidas. |
| Materiais e recursos | - Libro de texto da materia e libro de lectura recomendado. - Boletín de recuperación para o alumnado con avaliación(s) pendente(s). - Páxinas web recomendadas para consultar contidos relacionados coa materia. |

| Información e publicidade | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | Correo electrónico, teléfono, aula virtual e AbalarMóbil. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

| | |
|--|--|
| 1ª AVALIACIÓN Contidos desde o Neolítico ata o reinado de Sabela II | |
| 2ª AVALIACIÓN Contidos ata a Guerra Española. | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3ª avaliación | |
| Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975) | |
| Competencias imprescindibles | Estándar de aprendizaxe |
| <ul style="list-style-type: none"> • B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional. | <ul style="list-style-type: none"> • HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. • HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. • HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. • HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. • HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. • HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. • HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. • HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. • HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. |
| Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975) | |
| <ul style="list-style-type: none"> • B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | <ul style="list-style-type: none"> • HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. • HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición. • HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. • HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa. |
| <ul style="list-style-type: none"> • B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político. | <ul style="list-style-type: none"> • HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. |

| Avaliación e cualificación | |
|--|---|
| Avaliación | <p>Procedementos</p> <p>Realización de actividades similares ás propostas ao longo do curso. Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial (a partir do 13 de marzo de 2020) relacionadas ca materia.</p> |
| | <p>Instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caderno do profesor onde se vai anotando todo o relacionado co traballo do alumnado. - Actividades cun formato que responde as orientacións da ABAU. |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>A cualificación final obterase mediante a nota media das dúas primeiras avaliacións. O alumnado que teña a dúas primeiras avaliacións aprobadas, tén o curso aprobado. Este alumnado ten a posibilidade de subir nota, ata un máximo de 1 punto, se realizan e entregan en tempo as actividades voluntarias propostas, de reforzo e ampliación. Todos os alumnos e alumnas poderán recuperar aquela avaliación ou avaliacións suspensas mediante actividades de recuperación que gardan un formato similar cos exames feitos durante o curso. Aqueles que teñan suspensas a 1ª e a 2ª avaliación poderán alcanzar a nota máxima de 5 na nota final ordinaria. En caso de ter unha das dúas avaliacións aprobadas, podería alcanzar a nota máxima de 6 sempre e cando teña na avaliación suspensa máis dun 3,5.</p> |
| <p>Proba extraordinaria de setembro</p> | <p>A proba extraordinaria de setembro, salvo que as autoridades sanitarias digan o contrario, consistirá nunha proba escrita presencial seguindo os criterios recollidos na programación deste curso.</p> |

| Metodoloxía e actividades (recuperación, reforzo e ampliación) | |
|--|---|
| <p>Actividades</p> | <p><u>Actividades de recuperación</u> para aquel alumnado con unha ou as dúas avaliacións suspensas. <u>Actividades de reforzo das dúas primeiras avaliacións</u>: propostas durante a 3ª avaliación e que terán un carácter voluntario e para subir nota. <u>Actividades de ampliación</u>: daqueles contidos que quedaron sen ver relacionados co franquismo e a transición española. Terán carácter voluntario e con elas, como as de reforzo, o alumnado poderá subir a nota final.</p> |
| <p>Metodoloxía</p> | <p>Haberá un seguemento do alumnado cun rexistro de envío e entrega das actividades así como un contacto permanente vía correo para que a realización das mesmas sexa efectiva e para a consulta de dúbidas.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Apuntes elaborados pola profesora. - Material audiovisual relacionado cos contidos que non se puideron ver na clase. - Actividades elaborados pola profesora. |

| Información e publicidade | |
|---|--|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <p><u>O contacto co alumnado e cas familias</u> farase a través do teléfono, o correo electrónico e a aula virtual do centro.. Tamén existe unha coordinación coas profesoras e profesores dos grupos para o seguemento do traballo do alumnado.</p> |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |

| | |
|--|--|
| 1ª AVALIACIÓN Contidos dos bloques 1 ao 5. | |
| 2ª AVALIACIÓN Contidos dos bloques 6 ao 9. | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3ª avaliación | |
| Bloque 10 O espazo urbano | |
| Competencias imprescindibles | Estándar de aprendizaxe |
| · B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados. | · XHB10.2.1. Analiza e explica un plano dunha cidade española. |
| · B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana. | · XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica. |
| · B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características. | · XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas etre a cidade e o espazo que a rodea. |
| Bloque 11. Formas de organización territorial | |
| · B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais. | · XHB11.2.1. Explica a organización territorial española a partir de mapas históricos e actuais. |

| Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| Avaliación | <p>Procedementos Realización de actividades similares ás propostas ao longo do curso. Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial (a partir do 13 de marzo de 2020) relacionadas ca materia.</p> <p>Instrumentos - Caderno do profesor onde se vai anotando todo o relacionado co traballo do alumnado. - Actividades cun formato que responde as orientacións da ABAU.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>A cualificación final obterase mediante a nota media das dúas primeiras avaliacións. O alumnado que teña a dúas primeiras avaliacións aprobadas, tén o curso aprobado. Este alumnado ten a posibilidade de subir nota, ata un máximo de 1 punto, se realizan e entregan en tempo as actividades voluntarias propostas, de reforzo e ampliación. Todos os alumnos e alumnas poderán recuperar aquela avaliación ou avaliacións suspensas mediante actividades de recuperación que gardan un formato similar cos exames feitos durante o curso. Aqueles que teñan suspensas a 1ª e a 2ª avaliación poderán alcanzar a nota máxima de 5 na nota final ordinaria. En caso de ter unha das dúas avaliacións aprobadas, podería alcanzar a nota máxima de 6 sempre e cando teña na avaliación suspensa máis dun 3,5.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | A proba extraordinaria de setembro, salvo que as autoridades sanitarias digan o contrario, consistirá nunha proba escrita presencial seguindo os criterios recollidos na programación deste curso. |

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo e ampliación) | |
|---|--|
| Actividades | <p><u>Actividades de recuperación</u> para aquel alumnado con unha ou as dúas avaliacións suspensas. <u>Actividades de reforzo das dúas primeiras avaliacións</u>: propostas durante a 3ª avaliación e que terán un carácter voluntario e para subir nota.</p> |

| | |
|-----------------------------|--|
| | <u>Actividades de ampliación</u> : daqueles contidos que quedaron sen ver do bloque 11 (O espazo urbano) e o bloque 12 (Formas de organización territorial). Terán carácter voluntario e con elas, como as de reforzo, o alumnado poderá subir a nota final. |
| Metodoloxía | Haberá un seguemento do alumnado cun rexistro de envío e entrega das actividades así como un contacto permanente vía correo para que a realización das mesmas sexa efectiva e para a consulta de dúbidas. |
| Materiais e recursos | <ul style="list-style-type: none"> - Apuntes elaborados pola profesora. - Material audiovisual relacionado cos contidos que non se puideron ver na clase. - Actividades elaborados pola profesora. |

| Información e publicidade | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | O contacto co alumnado e <u>cas familias</u> farase a través do teléfono, o correo electrónico e a aula virtual do centro.. Tamén existe unha coordinación coas profesoras e profesores dos grupos para o seguemento do traballo do alumnado. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |